



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 31/01/2018 12:36:43

SAÍDA 153 / RX 130701



AGADIC

Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel.: 881 99 60 77 / 78
Fax 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

PAZO DA CULTURA

23 ENE 2018

Convenio de adhesión REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS 2018 REXISTRO DE SAÍDA

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2017

REUNIDOS

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo AGADIC), con C.I.F: **Q-6550009-B** e enderezo Cidade da Cultura, Monte Gaiás s/n 15707 de Santiago de Compostela; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008 do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais. (Por delegación, en virtude da Resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicado no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra banda, **María do Carme Fouces Díaz**, en calidade de representante legal e responsable de programación da entidade **Organismo autónomo Pazo de Congresos e exposicións de Pontevedra** con domicilio para estes efectos na **Alexandre Bóveda, S/N Pontevedra CP: 36005** e con CIF **P-8690003-B** titular do teatro/auditorio **Pazo da Cultura e Teatro Principal de Pontevedra**

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídico-legal suficiente para obrigarse, na representación que ostentan, e a tal fin formalizan por medio deste documento un Convenio de adhesión para a súa colaboración mutua

Dito documento enmárcase na programación específica denominada **Rede Galega de Teatros e Auditorios (no sucesivo, RGTA)**; polo que de común acordo subscriben as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio de adhesión, de conformidade coa proposta de programación presentada pola entidade **Organismo autónomo Pazo de Congresos e exposicións de Pontevedra** é a realización do programa de actuacións para o semestre de referencia, que se deberá desenvolver no teatro ou auditorio **Pazo da Cultura e Teatro Principal de Pontevedra** e que de seguido pasa a detallarse, coas condicións especificadas posteriormente (todo isto segundo o establecido na Resolución do 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, así como na Resolución do 28 de febreiro de 2011 e publicada no DOG núm. 70 do 8 abril de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios).

PR	DATA	HORA	COMPANHIA	ESPECTÁCULO	LUGAR	AGADIC	ESPAZO
PI	28-01-2018	12:00	Ghazafellos	RUBICUNDO	Teatro Principal de Pontevedra	700.00 €	700.00 €
PI	28-01-2018	18:30	Ghazafellos	RUBICUNDO	Teatro Principal de Pontevedra	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PI	29-01-2018	11:30	Ghazafellos	RUBICUNDO	Teatro Principal de Pontevedra	1,120.00 €	280.00 €
PI	18-02-2018	12:00	Píscore	Concerto Singular	Teatro Principal de Pontevedra	1,161.60 €	290.40 €
PI	18-02-2018	18:30	Píscore	Concerto Singular	Teatro Principal de Pontevedra	726.00 €	726.00 €
PI	19-02-2018	11:30	Píscore	Concerto Singular	Teatro Principal de Pontevedra	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PI	04-03-2018	12:00	Teatro ó cubo	O Faiado	Teatro Principal de Pontevedra	834.00 €	556.00 €
PI	04-03-2018	18:30	Teatro ó cubo	O Faiado	Teatro Principal de Pontevedra	556.00 €	347.50 € + 40 % bill.
PA	08-03-2018	21:00	Contraproducións S.L	NACIDAS LIBRES	Teatro Principal de Pontevedra	1,196.00 €	1,794.00 €
PI	11-03-2018	12:00	SPASMO TEATRO	El Mundo Lirondo	Teatro Principal de Pontevedra	2,904.00 €	726.00 €
PI	11-03-2018	18:30	SPASMO TEATRO	El Mundo Lirondo	Teatro Principal de Pontevedra	1,815.00 €	1,815.00 €
PI	12-03-2018	11:30	SPASMO TEATRO	El Mundo Lirondo	Teatro Principal de Pontevedra	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PI	07-04-2018	12:00	KATARSIS, Educación e Teatro S.L.	BATHTIME	Pazo da Cultura de Pontevedra	400.00 €	600.00 €



PA	13-04-2018	11:30	Teatro del Barrio	EMILIA	Pazo da Cultura de Pontevedra	1,530.00 €	1,020.00 €
PA	13-04-2018	21:00	Teatro del Barrio	EMILIA	Pazo da Cultura de Pontevedra	1,020.00 €	637.50 € + 40 % bill.
PI	14-04-2018	18:30	Paco Nogueiras	Radio Bulebule	Pazo da Cultura de Pontevedra	181.50 €	272.25 €
PI	20-04-2018	10:00	Sarabela Teatro	O secuestro da bibliotecaria	Pazo da Cultura de Pontevedra	1,560.00 €	390.00 €
PI	20-04-2018	12:00	Sarabela Teatro	O secuestro da bibliotecaria	Pazo da Cultura de Pontevedra	975.00 €	975.00 €
PI	20-04-2018	18:30	Sarabela Teatro	O secuestro da bibliotecaria	Pazo da Cultura de Pontevedra	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PI	21-04-2018	12:00	Viu el Teatro	PINTAMÚSICA !	Pazo da Cultura de Pontevedra	1,331.00 €	1,996.50 €
PI	21-04-2018	18:30	Magín Blanco	O camiño dos paxaros	Pazo da Cultura de Pontevedra	574.00 €	861.00 €
PI	27-04-2018	10:00	Talía Teatro	Rosa Caramelo e outras historias	Pazo da Cultura de Pontevedra	952.00 €	238.00 €
PI	27-04-2018	12:00	Talía Teatro	Rosa Caramelo e outras historias	Pazo da Cultura de Pontevedra	595.00 €	595.00 €
PI	27-04-2018	18:30	Talía Teatro	Rosa Caramelo e outras historias	Pazo da Cultura de Pontevedra	0.00 €	0.00 € + 80 % bill.
PI	28-04-2018	18:30	EDITORIAL GALAXIA, S.A.	MARÍA FUMAÇA	Pazo da Cultura de Pontevedra	1,210.00 €	1,815.00 €
PI	29-04-2018	12:00	Baobab Teatro S.L	PUÑO PUÑETE 2	Pazo da Cultura de Pontevedra	916.00 €	1,374.00 €
PA	03-05-2018	21:00	Ibuprofeno Teatro	CASA O'REI	Teatro Principal de Pontevedra	1,839.20 €	2,758.80 €
						Total:	24,096.30 € 20,767.95 €

(* Cantidades con impostos engadidos)

SEGUNDA.- A contratación efectiva de cada grupo, compañía ou persoa, consonte a programación e coa contraprestación económica recollida na táboa superior, será competencia da AGADIC e da entidade **Organismo autónomo Pazo de Congresos e exposicións de Pontevedra**, de conformidade cos respectivos importes consignados nas columnas e as cantidades totais consignadas na parte inferior. Existe o crédito adecuado e suficiente previsto para atender ás obrigas económicas que se deriven da contratación, con cargo á aplicación orzamentaria 10 A1 432B 6401 do proxecto de orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2018. Os contratos tramitaranse como anticipados de gasto, e quedarán condicionados á aprobación da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, e sempre que exista crédito adecuado e suficiente para atender ás obrigas derivadas da contratación.

TERCEIRA.- A entidade **Organismo autónomo Pazo de Congresos e exposicións de Pontevedra** comprométese ao aboamento das contías estipuladas para cada actuación, así como á achega da infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo de cada actividade contratada (luz, son, persoal de carga e descarga,...), conforme co establecido no rider técnico presentado polas compañías xunto coa súa proposta de participación na programación da **Rede Galega de Teatros e Auditorios**. Para poder levar a efecto estes compromisos, a entidade **Organismo autónomo Pazo de Congresos e exposicións de Pontevedra** deberá reunir todas as condicións técnicas necesarias para a celebración satisfactoria da actividade ou actividades previamente programadas, consonte coa Resolución do 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, así como coa Resolución do 28 de febreiro de 2011 e publicada no DOG núm. 70 do 8 abril de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios.

CUARTA.- Os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de representacións/actuacións no que estea inscrito, así como os gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos corresponderanlle á entidade **Organismo autónomo Pazo de Congresos e exposicións de Pontevedra**.

En ningún caso a AGADIC adquire, coa sinatura deste documento, ningún tipo de relación laboral nin coa entidade **Organismo autónomo Pazo de Congresos e exposicións de Pontevedra** nin co persoal que se atope ao seu servizo, sendo por conta desta o cumprimento de calquera obriga fiscal, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo. Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

QUINTA.- Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos como no material de difusión que se realice ao abeiro das funcións contidas neste convenio, as partes comprométese a **facen mención expresa da mutua colaboración**.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a **imaxe corporativa da**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel.: 881 99 60 77 / 78
Fax 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

Agadic e da Xunta de Galicia. Así como o logotipo da Rede Galega de Teatros, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Da mesma maneira, nos actos de comunicación pública levados a cabo débese facer constar expresamente a **colaboración da Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia)** no desenvolvemento das actividades conveniadas.

SEXTA.- A AGADIC comprométese ao pagamento das cantidades estipuladas para cada actuación, para o que será necesaria a presentación por parte da compañía do certificado da realización da función, asinado e selado pola entidade e polo representante da compañía, modelo colgado na páxina de xestión: www.galescena.info, e que lle será facilitado pola entidade **Organismo autónomo Pazo de Congressos e exposicións de Pontevedra** á compañía unha vez esta conclúa a actividade. A entidade **Organismo autónomo Pazo de Congressos e exposicións de Pontevedra** remitirá a información sobre públicos e facturación en formato electrónico a través da páxina www.galescena.info, nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.

SÉTIMA.- As partes asinantes deberán cumprir cas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo a entidade acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro da Xunta de Galicia.

OITAVA.- O incumprimento do estipulado no presente convenio, en particular no referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, dos horarios de celebración, dos espazos escénicos nos que se desenvolva o espectáculo, do aboamento efectivo das cantidades consignadas no cadro de programación, do establecido en relación cos prezos mínimos ou das obrigas de entrega das certificacións da realización das funcións e da remisión electrónica da información sobre públicos e facturación serán motivos de resolución inmediata do mesmo, con independencia das indemnizacións que por danos e perdas lle correspondan.

NOVENA.- Non se programará ningunha actividade do Circuito con motivo de ou so pretexto doutra actividade de calquera tipo (premios, cursos, concursos, encontros, festivais, ...) na cal se poida intercalar ou incluír, sen o consentimento explícito e por escrito da AGADIC, co fin de non desprazar o obxectivo de acrecentar e fomentar programacións estables nos concellos e entidades xestoras de espazos escénicos, ou de atrasar ou menoscar o traballo dos actantes do Circuito, ou de crear confusión entre as institucións asinantes deste convenio e aquelas outras institucións ou entidades que participen na/s actividade/s mencionada/s anteriormente.

En todas aquelas funcións das compañías adscritas á RGTA que se realicen no recinto indicado, ofreceranse invitacións de protocolo á AGADIC nun número proporcional ao número de asentos da sala, teatro ou espazo escénico onde se represente o espectáculo ou espectáculos programados, e sen que en ningún caso poida ser inferior a CINCO nin superior ao 5% do aforo da mesma.

DÉCIMA.- Este convenio quedará sen efecto e anulado, e non dará dereito a reclamación ou indemnización de ningún tipo no caso de incumprimento polas causas de forza maior establecidas legalmente. Para estes efectos, consideraranse como casos fortuitos ou de forza maior os seguintes: catástrofes naturais, incendios, actos vandálicos e de terrorismo que afecten ao normal desenvolvemento do espectáculo, folgas, loito nacional e avarías que afecten ao servizo ou subministración eléctrica.

DÉCIMO PRIMEIRA.- No prazo máximo de seis meses a partir da finalización das actividades a que se contrae este convenio, a entidade **Organismo autónomo Pazo de Congressos e exposicións de Pontevedra** deberá ter liquidadas e satisfeitas en todo caso as obrigas que tivera pendentes en calquera dos ciclos integrantes da RGTA coas compañías participantes, ate o segundo semestre do exercicio anual inmediatamente anterior. O incumprimento deste requisito poderá ser causa suficiente para a baixa e exclusión directa do Circuito da Rede Galega de Teatros e Auditorios

Se transcorrido o primeiro semestre do novo ano a entidade non aboara calquera dos pagamentos comprometidos ate o segundo semestre do ano anterior, a AGADIC poderá cancelar as actuacións previstas por este membro para o segundo semestre do novo ano, sen que isto exima á entidade **Organismo autónomo Pazo de Congressos e exposicións de Pontevedra** do aboamento das actuacións realizadas no primeiro semestre, no suposto de que se levaran a efecto.


DÉCIMO SEGUNDA.- Para os efectos de velar pola boa marcha e cumprimento do estipulado neste convenio, e segundo o previsto no artigo 40.f da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Xurídico do Sector Público, o Comité Técnico establecido na Resolución do 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios asume as funcións da comisión mixta de coordinación e seguimento das actuacións levadas a cabo para a consecución dos obxectivos fixados no presente documento. En consecuencia, as cuestións xurdidas sobre a súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas, en primeira instancia, polo citado Comité.

DÉCIMO TERCEIRA.- O incumprimento das cláusulas deste convenio por calquera das partes poderá dar lugar á súa denuncia. As posibles controversias ou discrepancias na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolveranse por diálogo directo entre as partes, ou ben polo Comité citado na estipulación 12ª; e, en caso de persistir estas e de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas que se poidan derivar na súa interpretación, desenvolvemento e execución ao coñecemento dos



xulgados e tribunais da orde xurisdiccional contencioso- administrativa, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao que xurda a cuestión litixiosa.

E en proba de conformidade co anteriormente exposto, esténdese o presente documento, por duplicado exemplar, que é asinado polas partes no lugar e data indicados no encabezamento, quedando cun exemplar cada unha delas.

O Director de AGADIC		O/A representante da entidade
 Jacobo Sutil Nesta		 María do Carme Fouces Díaz

(P.D. do Presidente do Consello Reitor da Agadic, DOG 29/8/2012)